



ACTOS DA CULTURA CHAIREGA HOMENAXE A MANUEL MARÍA NO XIX CABODANO 8 E 9 DE SETEMBRO DE 2023



Coma todos os anos por estas datas, o Instituto de Estudos Chairegos, coa colaboración da Área de Cultura- Vicepresidencia da Deputación de Lugo, organiza os **ACTOS DA CULTURA CHAIREGA**, en homenaxe a **MANUEL MARÍA**, coincidindo neste 2023 co seu **XIX CABODANO**.

PROGRAMA

* **VENRES 8 DE SETEMBRO – ÁS 20:30 HORAS – NO ESPAZO MANUEL MARÍA**

Terá lugar unha ofrenda floral ao pé da súa escultura, así como un recital poético popular, aberto a toda a xente que queira participar con poesías, cancións ou calquera outro texto relacionado co gran poeta chairego.

Entrada libre e gratuíta.

* **SÁBADO 9 DE SETEMBRO – ÁS 20:30 HORAS – NO AUDITORIO MUNICIPAL**

Terá lugar en primeiro lugar:

O ACTO DE ENTREGA DA PLACA DE SOCIA DE HONRA DO IESCHA A MARICA CAMPO, nomeamento acordado por aclamación dos asistentes na Asemblea Xeral do día 24 de marzo de 2023, resaltándose o seguinte:

*MARÍA PILAR CAMPO DOMÍNGUEZ, **MARICA CAMPO**, é unha escritora galega, nacida no Val do Mao, no concello do Incio. Outórgaselle a condición de **SOCIA DE HONRA DO IESCHA** polo súa defensa da lingua e cultura galegas, polo seu compromiso feminista, pola súa calidade literaria, pola súa abundante obra que abrangue diversos xéneros e temas, polo seu compromiso tamén coa promoción e difusión da cultura chairega e pola súa disposición a colaborar en actividades organizadas polo Instituto de Estudos Chairegos.*





A continuación levarase a cabo:

O CONCERTO DO GRUPO GALEGO **TUNDAL**

TUNDAL

“Este nome sonoro serve para denominar un grupo de músicos que baixo o tundal do idioma e da música tradicional, alí onde sexa chamado fará música de rúa, tanto instrumental como cantada e que levará sempre no seu repertorio cantares de cego, romances, cantigas e pezas para seren bailadas. Xosé L. Ansemil (percusión e voz), Antón Castro (mandolina, zanfona e voz), Manolo Darriba (acordeón e voz), Miguel A. Díaz (clarinete e voz), Xan Fuertes (violín e voz) e Pedro Lucas (gaita, frautas e voz), con Esperanza Iglesias (voz).” https://amigosdopatrimoniodecastroverde.gal/2015/11/12/actos-x-aniversario_-sorpresa_-grupo-tundal/



A entrada para este acto será tamén de balde, pero por motivos organizativos e de loxística, haberá que realizar a correspondente reserva ben na páxina web do Concello, ben na Casa da Cultura, ou ben directamente no Auditorio o mesmo día 9.



Casa da Cultura e Manuel María